



Concello  
da Estrada



## IX MILLA SAN SILVESTRE ESTRADENSE

O Concello da Estrada organizará o vindeiro martes, día 31 de decembro, a IX Milla San Silvestre Estradense. Trátase dunha proba de carácter lúdico non competitivo na que haberá sorteos para todos os participantes.

### INFORMACIÓN XERAL

**Data:** martes 31 de decembro de 2019

**Horario:** A partir das 16.00 h, terá lugar a retirada de dorsais a cambio dun quilo de comida non perecedeira que se destinará a Cáritas Parroquial, dentro da Operación quilo de Nadal. Os participantes deberán recoller o dorsal e a camiseta conmemorativa ata esgotar existencias.

**Lugar:** Praza do Concello da Estrada

**Distancia:** De 100 m a 1.609 m aprox.

**Organiza:** Concello da Estrada

### CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS APROXIMADOS

**Pitufos** (nados no ano 2013 e posteriores)- 100 metros – 17.00 h

**Prebenxamín ata infantil** (nados entre os anos 2012 e 2005)- ½ milla (800 m) – 17.15 h

**Cadetes ata veteranos** (nados nos anos 2004 e anteriores)- 1 milla (1609 m) – 17.30 h

*Sorteo de agasallos: A partir das 18.00 h*

### PERCORRIDOS

\* **17.00 h Categoría Pitufos (CIRCUÍTO VERDE)**. Dende o cruce da rúa Calvo Sotelo, pasando pola rúa Xusto Martínez e rematando na Praza do Concello.

\* **17.15 h Categoría Prebenxamín ata Infantil (CIRCUÍTO VERMELLO)** Transitarase por un circuito urbano pechado ao tráfico duns 800 m de lonxitude, para completar a **distancia total de 800 m**. (Praza do Concello-Rúa Serafín Pazo-Praza da Farola-Rúa Calvo Sotelo-Rúa Castelao-Rúa Irida e Praza do Concello) **1 volta**.

\* **17.30 h Categoría Cadetes ata Veteranos (CIRCUÍTO VERMELLO)** Transitarase por un circuito urbano pechado ao tráfico duns 800m de lonxitude ao que haberá que dar dúas voltas para completar unha **distancia total de 1600 m**. (Praza do Concello-Rúa Serafín Pazo-Praza da Farola-Rúa Calvo Sotelo-Rúa Castelao-Rúa Irida e Praza do Concello) **2 voltas**.

*Darase un trofeo ao disfraz máis orixinal e un trofeo ao grupo máis numeroso caracterizado co mesmo disfraz ou que comparte a mesma temática.*

*Ao remate das distintas carreiras, todos os participantes serán obsequiados coa degustación dun chocolate e produtos de repostería.*